

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE SETEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-531 na Devesa. Segunda fase, de clave PO/17/001.06, no Concello de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), coa categoría de zona arqueolóxica, o campamento romano e mansio viaria de Aquis Querquennis, no termo municipal de Bande (Ourense).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100% na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas a realizar de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas, xestionado pola Secretaría Xeral da Igualdade e se procede a súa convocatoria para o ano 2018 por importe de catrocentos dezasete mil oitocentos trinta e seis euros (417.836 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de seguridade nos edificios da administración de xustiza en Galicia para os anos 2018, 2019, 2020 e 2021, por un importe total de seis millóns de euros (6.000.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Pontedeume e o Concello de Cabanas para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume, fases II e III, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Curtis para a execución dunha nova captación e ampliación da estación de tratamento de auga potable en Teixeiro, Curtis (A Coruña), por un importe dun millón setecentos mil euros (1.700.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rois para a execución das actuacións de saneamento e depuración nas parroquias de Urdilde e Sorribas, Concello de Rois (A Coruña), por un importe de cincocentos mil euros (500.000 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación coas axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para realizar actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia, programa Talento sénior, por un importe total de novecentos sesenta mil euros (960.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao Acordo asinado o 18 de setembro de 2015, de colaboración entre a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas deportivas, por un importe total de douscentos dezaseis mil catrocentos vinte e un euros con vinte e sete céntimos. (216.421,27 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas xestionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Importe total: dez millóns cincocentos setenta e nove mil cento cincuenta euros (10.579.150 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e determinados concellos, para a execución de obras de infraestruturas rurais, por un importe total de dous millóns douscentos trinta e sete mil cento oitenta e nove euros con corenta e dous céntimos (2.237.189,42 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o novo Contrato Marco para a adquisición, dentro do Programa Abalar, de 30.000 novos equipos

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o proxecto de decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia no calendario laboral para o ano 2019.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DA DEVESA, EN PONTEVEDRA, MEDIANTE UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 600.000 EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda licitará nas vindeiras semanas as obras*
- *Esta actuación supón darlle continuidade, conforme o acordado cos veciños, á mellora da seguridade viaria na estrada autonómica PO-231 iniciada no acceso ao polígono de Sequeiros, no concello de Barro*
- *O obxectivo principal deste proxecto é acadar a redución da velocidade de circulación para o que se define a execución dunha glorieta de 44 metros á saída do núcleo da Devesa*
- *Na glorieta entroncarase un ramal de novo trazado, que se conectará coa vía principal deste núcleo e que permitirá eliminar o carril central para realizar o xiro á esquerda da intersección do punto quilométrico 6+620*
- *A Xunta analiza tamén a fórmula para mellorar a seguridade dos peóns que circulan por esta estrada autonómica no entorno da Devesa*
- *Con estas actuacións o Goberno galego segue a impulsar a mellora da seguridade viaria, que redunda na mellora da calidade de vida da cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto da segunda fase de acondicionamento e mellora da seguridade viaria da estrada autonómica PO-531 na Devesa, no concello de Pontevedra.

O orzamento estimado da actuación impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, incluíndo as expropiacións dos 52 predios necesarias para a mellora desta estrada que comunica Pontevedra con Vilagarcía, entre os puntos quilométricos 6+500 e 7+250, rolda os 578.000 euros. Nas vindeiras semana está prevista a licitación do contrato das obras.

O proxecto aprobado hoxe avanza na mellora da seguridade da estrada PO-531 e atende á solicitude realizada por veciños e usuarios da súa contorna. Esta intervención e ademais a continuación das obras que o departamento de Infraestruturas da Xunta acometeu no 2017, de reordenación e mellora nesta estrada autonómica mediante a execución dunha glorieta no acceso ao polígono de Sequeiros (concello de Barro)


O obxectivo principal deste proxecto é acadar a redución da velocidade de circulación e define a execución dunha glorieta de 44 metros de diámetro no punto quilométrico 7+150 da PO-531, situado á saída do núcleo da Devesa, coa que se reducirá de xeito significativo a elevada velocidade actual da circulación na contorna e se facilitarán os xiros en condicións seguras.

Na glorieta entroncarase un ramal de novo trazado, que se conectará coa vía principal deste núcleo e que permitirá eliminar o carril central para realizar o xiro á esquerda da intersección do punto quilométrico 6+620. Esta actuación complementábase coa rehabilitación do firme no tramo, a execución das obras necesarias para a drenaxe transversal e lonxitudinal e a reposición da sinalización e das barreiras necesarias.

A Xunta analiza tamén a fórmula para mellorar a seguridade dos peóns que circulan por esta estrada autonómica no entorno da Devesa.

Con estas actuacións o Goberno galego segue a impulsar actuacións de mellora da seguridade viaria que redundan na mellora da calidade de vida da cidadanía.

Plano de situación



A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O CAMPAMENTO ROMANO E MANSIO VIARIA DE AQUIS QUERQUENNIS

- *O xacemento, que se incluíra na categoría de zona arqueolóxica, presenta un gran valor histórico e arqueolóxico e trátase, dentro dos existentes en toda a Península Ibérica, dun dos máis extensamente escavados, investigados e postos en valor*
- *É un dos únicos campamentos militares romanos permanentes coñecidos en Galicia, xunto co de Cidadela, en Sobrado dos Monxes*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á declaración como ben de interese cultural (BIC) coa categoría de zona arqueolóxica do campamento romano e mansio viaria de Aquis Querquennis, no termo municipal de Bande (Ourense), o que implica que este xacemento contará co maior grao de protección establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Situado no lugar de Porto Quintela, na parroquia de San Xoán dos Baños, trátase dun conxunto arqueolóxico formado polo campamento e mansio –parada oficial nunha calzada romana– vinculados co paso da Vía XVIII de Antonino ou Vía Nova, que comunicaba os conventos xurídicos de Bracara Augusta e Asturica Augusta. Os estudos realizados apuntan a que tivo unha curta ocupación, que non ía alén do primeiro terzo do século II d.C., como lugar de asentamento permanente dunha unidade militar e base de operacións para a construción da devandita vía de comunicación.

A información obtida a partir das diferentes campañas arqueolóxicas realizadas determina a importancia do campamento por ser, dentro dos existentes en toda a Península Ibérica, o máis extensamente escavado, investigado, monumentalizado e posto en valor entre os do seu xénero. Ademais, é un dos únicos campamentos militares romanos permanentes coñecidos en Galicia, xunto co de Cidadela en Sobrado dos Monxes.

Deste xeito, o decreto de declaración como ben de interese cultural considera que Aquis Querquennis atesoura un gran valor científico por contar aínda cunha ampla superficie sen explorar, polo que é un sitio arqueolóxico básico para a investigación do proceso de romanización no noroeste peninsular.


Estrutura e contorna de protección

Aquis Querquennis presenta unha estrutura arquetípica propia dun asentamento militar organizado a partir dun esquema ortogonal arredor de dous eixes viarios principais, perpendiculares entre si, o cardo (con orientación norte-sur) e o decumano (orientación leste-oeste). Os restos arqueolóxicos exhumados ata o de agora corresponden ao *principia* ou cuartel xeral, dous *horrea* para almacenaxe de alimentos, o *valetudinarium* ou hospital, tres barracóns para a tropa, vías e canles de drenaxe e unha parte

significativa das estruturas delimitadoras e defensivas, treito de muralla con varias torres, as portas principal esquerda e a do lado oeste, e un pequeno sector do foxo exterior que rodeaba a muralla, co *intervallum* ou vía perimetral pegada ao interior dela.

Ao leste do campamento, cara ao curso do río Limia, localizáronse algunhas estruturas que semellan responder á posible *canaba* ou poboación civil asociada ao campamento militar. Tamén se coñecen restos arqueolóxicos extramuros do recinto campamental, entre este e a mansio. Esta *mansio viaria* sería unha pousada de descanso para os viaxeiros que percorrían a mencionada vía, que ao ser escavada de forma parcial descubriu, polo de agora, unha estrutura composta por un gran patio empedrado e un forno doméstico, ademais de varias dependencias e outro patio cun pozo con peitoril e augas termais. Todo este conxunto complétase con varias vías interiores e sistemas de drenaxes, ademais de estruturas defensivas como muralla, torres, portas, *intervallum* ou vías perimetrais e foxos.

A contorna de protección establecida para o ben pódese consultar na seguinte imaxe:



GALICIA DISTRIBUIRÁ 12,5 MILLÓNS ENTRE ENTIDADES SOCIAIS, PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E DE AXUDA A PERSOAS CON TRASTORNOS ADICTIVOS

- *No departamento de Política Social, a convocatoria financiará programas dirixidos de forma prioritaria a persoas maiores, as persoas con discapacidade, a mocidade e a infancia*
- *Beneficiaranse tamén colectivos onde concorran factores de vulnerabilidade social como mulleres en risco de exclusión, persoas afectadas por problemas de drogodependencia, refuxiados e asilados ou migrantes*
- *No tocante á Vicepresidencia a convocatoria conta cun orzamento de preto de 418.000 euros e no de Sanidade, a 499.000*

A Xunta de Galicia repartirá este ano 12,5 millóns de euros entre as entidades sociais, os programas de promoción da igualdade, os de prevención e loita contra a violencia de xénero e os de axuda a persoas con trastornos adictivos. Farase con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que regula a concesión das achegas económicas e a previsión é que a convocatoria se publique no Diario Oficial de Galicia (DOG) este mesmo mes de setembro.

Este é a segunda vez que a Administración autonómica se ocupará da distribución do 0,7% do IRPF para fins sociais. A presente orde tramítase en réxime de concorrencia competitiva, polo que, en consecuencia, é menos restritiva que a orde do exercicio anterior na que soamente podían ser beneficiarias as entidades que recibiran axudas no ano 2016, establecéndose criterios de avaliación que analizará unha comisión de avaliación.

No tocante á Consellería de Política Social, aínda que inicialmente esta convocatoria de subvencións se publicará por un montante de 10.579.150 euros, este ampliarase posteriormente nun millón de euros máis en canto se ultime a tramitación da xeración do crédito acadando así os 11,5 millóns de euros. Deste xeito, o incremento final desta orde de axudas con cargo ao 0,7% do IRPF na actual anualidade será do 9,39% con respecto ao exercicio de 2017.

Neste departamento, as subvencións destinaranse a programas sociais dirixidos de forma prioritaria ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade, a mocidade e a infancia. Beneficiaranse tamén colectivos onde concorran factores de exclusión: mulleres en risco de exclusión, persoas afectadas por problemas de drogodependencia, pobo xitano, poboación recluída e ex recluída, refuxiados e asilados, migrantes, vítimas do terrorismo e persoas afectadas polo VIH/SIDA.

Así pois, o contido dos programas deberá axustarse ás seguintes liñas de actuación: intervencións no ámbito da familia, infancia e dinamización demográfica; accións de inclusión social; actuacións destinadas á atención, promoción da autonomía persoal e apoio das persoas maiores ou a persoas con discapacidade; proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas maiores ou persoas con discapacidade; e actuacións destinadas á xuventude e ao voluntariado.

Serán subvencionables os gastos correntes directamente derivados da actuación subvencionada e os gastos de investimento referidos a equipamento, obras de adaptación e rehabilitación, e adquisición de vehículos adaptados. A Xunta anticipará ás entidades beneficiarias o 100% da achega económica no momento da notificación da concesión da mesma, sendo a xustificación posterior á realización das actividades.

No exercicio 2017 presentáronse a esta convocatoria de axudas do 0,7% do IRPF un total de 86 solicitudes por parte de 83 entidades para a execución dun total de 262 programas, dos cales foron subvencionados 201 programas.

Igualdade

Pola súa parte, as axudas dependentes da Vicepresidencia, que ascenden a 418.000 euros, están destinadas a entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, na nosa comunidade. Están destinados a mulleres, en especial aquelas en situación de vulnerabilidade, vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e aos seus fillos, a mulleres mozas e mulleres que residen no ámbito rural. O importe máximo de cada axuda será de 75.000 euros.

As liñas que serán obxecto de axudas son, por unha banda, actuacións no ámbito da promoción da igualdade entre mulleres e homes, con programas que fomenten a igualdade real e efectiva, para lograr a eliminación de estereotipos de xénero que conducen a que as mulleres padezan unha situación de desvantaxe no eido laboral, social, persoal, económico, político e cultural. Esta liña contará cun orzamento de 207.829 euros.

No marco desta liña, subvencionaranse actuacións de acollemento, atención e asesoramento para mulleres en situación de vulnerabilidade; programas dirixidos á inserción sociolaboral das mulleres, especialmente as mulleres do medio rural, que impulsen o emprendemento, o autoemprego, a formación e a mellora da súa capacitación de cara a mellorar a súa empregabilidade; programas dirixidos á atención de mulleres xestantes e lactantes en situación de vulnerabilidade, dirixidos a

proporcionar asesoramento, apoios e axudas ante as dificultades que poidan sufrir nesta etapa; programas de conciliación dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade que consistan en actividades de coidado e atención a menores de doce anos, persoas con discapacidade e/ou dependentes e persoas maiores.

Ademais, tamén financiarán actuacións de información e de formación para o empoderamento e participación activa das mulleres, en especial as que sofren situacións de vulnerabilidade e/ou as que residen no medio rural, programas dirixidos ás mozas para fomentar a igualdade de mulleres e homes entre a mocidade e a erradicación de estereotipos de xénero e programas para o tratamento da saúde integral das mulleres e/ou sobre a sexualidade das mulleres.

Por outra banda, serán subvencionables, as accións de prevención e loita contra a violencia de xénero e apoio ás súas vítimas, cun orzamento de ata 210.000 euros, os programas de acollida e aloxamento que coadruen na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e das súas fillos e fillas, os programas de apoio e tratamento dirixidos especificamente a mulleres vítimas da violencia de xénero con outras problemáticas asociadas, principalmente toxicomanías e/ou enfermidade mental, incluído o aloxamento, aos grupos de mulleres vítimas da violencia de xénero especialmente vulnerables, como mozas e adolescentes, mulleres con discapacidade, mulleres maiores, mulleres que residen no medio rural, mulleres inmigrantes, e mulleres pertencentes a minorías étnicas, especialmente entre a mocidade e no ámbito rural.

Por último, en canto á orde de Sanidade, que se aprobará nas vindeiras semanas e que ascenderá a 499.000 euros, regulará as bases para a concesión de axudas a entidades do terceiro sector que desenvolvan programas co colectivo de persoas afectas por trastornos adictivos, incluíndo programas dirixidos a súa prevención e a mellorar a coordinación e o apoio sociosanitario as persoas afectadas destas patoloxías.

XUNTA E MINISTERIO DO INTERIOR RENOVAN A COLABORACIÓN PARA A SEGURIDADE DOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- *A prestación do servizo de vixilancia será desempeñado por 206 efectivos da Policía Nacional e da Garda Civil*
- *O convenio, cunha duración de catro anos, prevé un investimento de 1,5 millóns anuais e aproveita a experiencia das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección de edificios*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia.

En virtude deste acordo, o Goberno autonómico destina 6 millóns de euros para que un máximo de 206 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodien diversos edificios xudiciais repartidos en 45 localidades galegas no período 2018-2021.

O obxecto deste convenio é a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en activo e cun mínimo de 25 anos de servizo efectivo no corpo, e así aproveitar a experiencia destes axentes na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de xustiza de Galicia.

A prestación do servizo de vixilancia durante o ano 2018 será desempeñado por un máximo de 206 efectivos, dos cales 81 pertencen á Policía Nacional e 125 á Garda Civil.

AUTORIZADO O INICIO DA TRAMITACIÓN DA NOVA LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

- *O Consello da Xunta acordou esta mañá dar luz verde ao texto do anteproxecto da normativa que porá fin a un texto que entrou en vigor hai máis de dúas décadas*
- *O novo texto ten como base a simplificación administrativa, integrando a tramitación ambiental; e normativa, eliminado figuras ou redifinando aquelas que sexan obxecto dunha planificación infraestrutural, como os plans territoriais integrados*
- *A Xunta busca dar resposta a tres obxectivos básicos: a cohesión económica e social, a conservación e xestión dos recursos naturais e do patrimonio e o desenvolvemento territorial que deben orientarse a acadar un crecemento equilibrado e sustentable*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo polo que se inicia a tramitación da nova Lei de ordenación do territorio de Galicia (LOT), un texto que virá actualizar a vixente normativa, a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente considerou necesario proceder actualizar normativa, pois tras máis de dúas décadas de vixencia, resulta imprescindible contar cunha norma que ofrezca solucións ás necesidades e problemáticas detectadas.

Tal e como se recolle no título preliminar da futura norma, a racionalidade territorial debe entenderse o solo como un ben limitado e esgotable, polo que os principios e criterios que orientan a ordenación do territorio deben ser o desenvolvemento territorial sustentable, a cohesión social e económica, é dicir, a necesidade de ter en conta a conectividade e restauración ecolóxica, o coidado da paisaxe, como ben de especial interese e a atención aos sistemas rurais de Galicia, como un conxunto de espazos que desempeñan un papel territorial fundamental para a Comunidade, como eixes fundamentais sobre os que debe pivotar a ordenación territorial.

Outros dos principios inspiradores que se lle impregnan á nova norma son a simplificación administrativa e o interese por acadar os principios de axilidade e eficacia, polo que para a tramitación dos diferentes instrumentos, se propón unha integración da tramitación ambiental o que fai que sexa un texto máis práctico e útil, sen necesidade de ter que consultar diversas normas.

En consecuencia, no momento de clarificar o procedemento de tramitación dos instrumentos de ordenación do territorio, a presente lei integra -nel- o procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Asemade, dáse cumprimento á Lei estatal 21/2013,

do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o que responde á necesidade de adecuar a normativa autonómica ao marco normativo común europeo e estatal, garantindo así a unidade de mercado interior e a competitividade.

Tamén se apostou por unha simplificación normativa, derogando a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e incorporando a regulación que respecto dos plans e proxectos sectoriais se contén actualmente no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

O novo texto incorpora o desenvolvemento regulamentario do mesmo, de xeito que resulte unha norma completa e práctica que facilite a súa consulta e aplicación.

Asemade, a nova LOT aposta pola seguridade xurídica e a transparencia: o xa en funcionamento Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia pasará agora a acoller tamén os instrumentos de ordenación do territorio, como requisito da súa entrada en vigor, de xeito que se reforza a seguridade xurídica e facilita a información a toda a cidadanía dos instrumentos aprobados definitivamente. Segundo a disposición adicional primeira da nova lei, o rexistro urbanístico pasará a denominarse Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

A base dos instrumentos de ordenación tómase da Lei 10/1995, do 23 de novembro, pero lévase unha importante labor de sintetización destes, eliminando figuras -que se prevían naquela norma- como os plans de ordenación do medio físico, ao considerar que existen outras figuras de ordenación que xa están contempladas na lexislación vixente en materia de espazos naturais ou ben podería acudirse a un plan territorial integrado ou un plan sectorial para acadar os seus fins, segundo os seus obxectivos; e tamén desaparece a regulación dos programas coordinados de actuación dado o seu carácter netamente inversor.

Marco territorial e flexible

O esquema que plantexa o anteproxecto de lei segue a permitir a configuración dun marco territorial global e flexible, que dá cabida ás actuacións de carácter sectorial e integradas, así como aquelas solucións puntuais que sexan necesarias.

As directrices de ordenación do territorio seguen a configurarse como un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que constituirá o marco xeral de referencia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais dos diferentes ámbitos.

Os plans territoriais integrados están dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou que, polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación infraestrutural, de equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado. Estes plans terán como obxectivo propio a definición dun modelo territorial que faga compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural, co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Redefínense os plans sectoriais como instrumentos que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación de actividades sectoriais no territorio, así como planificar e ordenar os recursos cunha problemática territorial común en ámbitos supramunicipais concretos.

Finalmente, os proxectos de interese autonómico configúranse como instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que transcenden do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características, que non teñan previsión nin acomodo no planeamento urbanístico.

Contido do anteproxecto de lei

A lei, redactada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, componse de 67 artigos, un título preliminar, un título, cinco disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

No título I desenvolve o contido da ordenación do territorio e os instrumentos de ordenación territorial, é dicir, as directrices de ordenación do territorio (DOT), os plans territoriais integrados, os plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico; ao tempo que se establece o carácter das determinacións dos distintos instrumentos e a vinculación que suporán para o planeamento urbanístico que se vexa afecto pola súa aprobación.

Os seguintes capítulos desenvolven cada un dos instrumentos de ordenación territorial, definido o seu obxecto, ámbito de aplicación e funcións; o seu contido e documentación; o procedemento de elaboración e aprobación, a eficacia e as limitacións de cada instrumento, as modificacións substanciais e non substanciais e o procedemento de aprobación destas últimas.

Sumarse a Europa

A revisión e actualización da norma autonómica non só está xustificada na necesidade de revisar as debilidades e fortalezas dunha norma con anos de aplicación, senón tamén é precisa debido á necesaria consecución dos obxectivos sinalados pola Estratexia europea de ordenación do territorio.

Esta normativa europea contempla que as políticas de desenvolvemento territorial deben orientarse a acadar un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio da Unión, asegurando que os tres seguintes obxectivos fundamentais da política europea se logren por igual en todas as rexións da Unión Europea: a cohesión económica e social; a conservación e xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural; e a competitividade máis equilibrada do territorio europeo.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO QUE PERMITIRÁ COMPLETAR AS INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO QUE COMPARTEN OS CONCELLOS DE CABANAS E PONTEDEUME

- *A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio executará un tanque de retención con impulsión (fase II) e uns colectores xerais de saneamento (fase III) o investimento de ambas actuacións suman un importe de 4,5 millóns de euros*
- *Ao mesmo tempo, Augas de Galicia analiza a adxudicación das obras da primeira fase, licitadas este mesmo ano por un importe de 4,2 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Pontedeume e Cabanas, para a execución das obras que completarán a mellora das infraestruturas máis importantes do servizo de saneamento que comparten ambos concellos coruñeses.

O convenio autorizado esta mañá recolle un importe de 4,5 millóns de euros, que sumados aos destinados para a proxección das obras da Fase I suman un importe global de 8,8 millóns de euros. As obras do convenio autorizado esta mañá poderán ser licitadas por Augas de Galicia nas vindeiras semanas.

Tal e como se indica no convenio de colaboración, as actuacións da fase II (cun orzamento de 2,89 millóns de euros) consisten na execución dun tanque de tormentas en Cabanas con saída de bombeo cara á EDAR de Centroña, que comparten Cabanas e Pontedeume. Tamén se instalará un tanque soterrado cunha profundidade de 20 metros, que se completará cun bombeo de 3 bombas e unha capacidade de máis de 50 litros /segundo (l/s) e desde este unha impulsión de 450 metros de lonxitude para acadar a EDAR de Centroña.

En relación coa fase III, que terá un custo de 1,4 millóns de euros, proxéctase un novo colector interceptor para Cabanas dun quilómetro de lonxitude desde o Paseo da Madalena ata o novo tanque de tormentas, previsto na fase anterior. O novo colector substituirá o existente, que actualmente rexistra infiltracións de auga de mar. Tamén se prevé nesta fase a execución de dous pequenos ramais de colectores secundarios que conectaran co novo colector interceptor.

Grazas á execución destas actuacións, que están cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), recupéranse zonas degradadas pola contaminación na costa, mellórase a calidade de vida da poboación asentada na contorna da ría e aumenta a competitividade económica e o fomento do turismo.

Adxudicación das obras da fase I

Augas de Galicia levou a cabo un informe sobre a capacidade da depuradora de Centroña, que dá servizo aos concellos de Cabanas e Pontedeume, e no que se concluíu a necesidade de minimizar as subministracións de augas salinas procedentes das infiltracións en colectores.

A raíz deste informe, Augas de Galicia desenvolveu un proxecto sobre as melloras necesarias para solucionar as achegas no esteiro do Eume, dirixidas a solucionar dous obxectivos: a minimización das infiltracións na rede de saneamento, reducindo as achegas de augas brancas e salinas á EDAR; e a eliminación das verteduras existentes na fachada marítima de Pontedeume.

Así, para acadar ditos obxectivos estruturáronse tres fases, a segunda e a terceira recóllense no convenio autorizado hoxe, mentres que a primeira -licitada este mesmo ano por un importe de 4,2 millóns de euros- atópase na actualidade en fase de análise para a súa adxudicación. O proxecto desta primeira fase inclúe a renovación do saneamento de Pontedeume e de parte do abastecemento que se ve afectado por estas obras de saneamento, e que é moi obsoleto e sofre perdas; un tanque de retención e un bombeo, actuacións coas cales se eliminarían puntos de vertedura actuais á ría na fachada marítima de Pontedeume.

MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ 1,7 MILLÓNS A MELLORAR O ABASTECIMENTO AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE TEIXEIRO, EN CURTIS

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio de colaboración que prevé a execución dunha nova captación co fin de cubrir as demandas actuais e futuras de auga desta área industrial*
- *As actuacións previstas responden á necesidade de ampliar o servizo actual no polígono ante a inminente implantación de novas empresas que xerarán máis de 800 postos de traballo*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Curtis para a execución dunha nova captación de auga que mellore e garanta o abastecemento ao polígono industrial de Teixeira, en Curtis.

Cun orzamento comprometido de 1,7 millóns de euros, a actuación responde á expansión desta zona industrial, que encara a segunda fase do seu desenvolvemento. Así, a curto prazo prevese a instalación de dúas novas empresas coas que se incrementará a demanda actual de auga e que terán un importante impacto económico, no concello, xa que se estima que crearán máis de 800 postos de traballo directos e indirectos.

As novas necesidades de auga bruta e de auga tratada das firmas que previsiblemente se instalarán en Teixeira fan necesaria a ampliación do servizo, adaptando as instalacións xa existentes á nova situación. Así, á demanda de auga derivada da primeira etapa de desenvolvemento, que se calcula en 4.200 m³ diarios, sumaranse outras novas, que se estiman en 1.382 m³.

Neste sentido, o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta ten como obxecto executar as obras precisas para cubrir as necesidades de abastecemento tanto actuais como futuras.

Concretamente, a principal actuación consistirá na execución dunha nova captación de auga. Actualmente, a subministración ao polígono faise desde o río Mandeo, a través dun encoro situado no lugar de Os Morangueiros, pero en época de estiaxe a capacidade deste encoro xa non é suficiente para atender os caudais punta que se estiman necesarios, polo que a demanda futura de auga aconsella unha nova captación.

Así mesmo, outra das accións previstas é complementar as instalacións da actual ETAP (estación de tratamento de auga potable) para poder atender a futura demanda,

ao tempo que se incrementará a capacidade de almacenamento de auga bruta, a medio prazo, para dar servizo á segunda fase do polígono industrial que se está a desenvolver.

A XUNTA INVESTIRÁ ATA 500.000 EUROS PARA DOTAR DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO ÁS PARROQUIAS DE URDILDE E SORRIBAS EN ROIS

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio de colaboración que permitirá a renovación das instalacións hidráulicas en ambas as parroquias*
- *As actuacións previstas mellorarán este servizo básico á poboación, á vez que garanten a recuperación dos ecosistemas fluviais da zona e a mellora ambiental das augas dos ríos no dito termo municipal*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Rois para a execución dunhas obras de saneamento e abastecemento nas parroquias de Urdilde e Sorribas.

Cun orzamento máximo de 500.000 euros, darase unha solución á situación actual do saneamento nestes puntos do Concello de Rois, cuxas augas son tratadas por unhas estacións depuradoras que non prestan o servizo de forma axeitada. Por isto, propónse en cada unha destas zonas a instalación dunha nova depuradora que atenda a demanda actual e futura.

No caso da parroquia de Sorribas propónse executar unha nova depuradora compacta para tratar as augas residuais dos núcleos, conectando a Edar existente, que non presenta un funcionamento óptimo. Mentres, na parroquia de Urdilde as obras consisten fundamentalmente na demolición e retirada da depuradora existente, así como a instalación dunha nova depuradora de maior capacidade.

Grazas a esta acción, ofrécelles aos veciños un acceso aos servizos básicos de abastecemento e depuración e unha mellora da calidade de vida, ao tempo que se recuperan zonas degradadas polas achegas nos distintos ecosistemas fluviais e se acada unha mellora ambiental da calidade das augas dos ríos.

Esta nova actuación é unha aposta máis do Goberno galego pola mellora das augas e a conservación do ambiente neste municipio, na que xa se teñen dado mostras de cooperación da Xunta -a través de Augas de Galicia- e o Concello de Rois. Esta colaboración entre administracións permitiu levar a cabo outros investimentos en materia de infraestruturas hidráulicas, como a ampliación do abastecemento e saneamento en Macedos, cun importe de case 230.000 euros.

A XUNTA IMPULSA A ATRACCIÓN E O RETORNO DE INVESTIGADORES DE ALTA CUALIFICACIÓN A TRAVÉS DO NOVO PROGRAMA TALENTO SÉNIOR

- *A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, cunha dotación ampliable de preto dun millón de euros, permitirá a contratación de 15 profesionais con máis de cinco anos de traxectoria en empresas, organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos*
- *As entidades beneficiarias contarán cun incentivo de 64.000 euros por cada contrato, fomentándose o emprego indefinido e a incorporación de mulleres*
- *Talento Sénior é unha das medidas incluídas no Plan Galicia innova, que ten como obxectivo favorecer a actividade económica e industrial a través da innovación*

A Xunta vai impulsar a atracción e o retorno de investigadores doutores e profesionais de alta cualificación con traxectorias consolidadas para que desenvolvan proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en empresas, organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos a través do novo programa Talento sénior. Con esta iniciativa, que se aprobou hoxe no Consello da Xunta e que conta cun orzamento ampliable de preto dun millón de euros, prevese apoiar un total de 15 contratacións de persoal con máis de cinco anos de experiencia na área da I+D+i.

As entidades beneficiarias contarán cun incentivo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), de 64.000 euros por cada contrato indefinido ou de duración igual ou superior a tres anos, no que deberán achegar ao profesional que se incorpore ao organismo un salario de cando menos 40.000 euros brutos por anualidade. Ademais, o persoal poderá estar contratado pola entidade beneficiaria da axuda desde o pasado 1 de xaneiro.

A convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, exige a excelencia das propostas e así só se terán en conta aquelas que alcancen unha puntuación mínima do 60% do total dos puntos establecidos no baremo. Entre outros criterios, valorarase o perfil da persoa que se vai contratar, a súa experiencia e traxectoria internacional, así como a condición de retorno e atracción. Ademais, tamén se prestará especial relevancia á presentación dun plan de igualdade de xénero no equipo do proxecto e que a persoa contratada sexa muller, primaranse tamén as contratacións indefinidas.

Entre os obxectivos deste novo programa, que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* nas próximas semanas, búscase estimular a demanda de profesionais de alta cualificación tanto no sector público como no privado. Así, dos 15 contratos previstos para este ano, nove están reservados a empresas e seis a organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos.

Talento sénior é unha das medidas incluídas no Plan Galicia innova, que ten como obxectivo impulsar a actividade económica e industrial, o que redundará na xeración de emprego e benestar social a través da innovación. De feito, esta iniciativa, que contribúe á mellora da competitividade das empresas e organismos públicos de investigación galegos, así como á creación de emprego de alta cualificación, complementábase con outros programas impulsados pola Xunta para atraer talento, como o Oportunius, centrado en investigadores excelentes ERC, ou o programa Principia, que ten permitiu desde a súa posta en marcha a incorporación de 372 profesionais menores de 35 anos en 158 entidades.

A VICEPRESIDENCIA DA XUNTA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REFORZAN A COLABORACIÓN PARA FORMAR TÉCNICOS EN EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL

- ***A docencia desenvólvese de xeito compartido entre as instalacións do IES Antón Losada Diéguez e as da Academia Galega de Seguridade Pública***

A Vicepresidencia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborarán, por cuarto ano consecutivo, na formación do alumnado do ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil correspondente á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente. Para iso, a reunión semanal do Goberno galego autorizou hoxe unha addenda que dá continuidade ao Acordo asinado en 2015 a través do cal se imparten este tipo de ensinanzas de xeito compartido nas instalacións do IES Antón Losada Diéguez e da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), ambos na localidade pontevedresa da Estrada.

En concreto, impartiranse na Agasp os módulos de Mantemento e comprobación do funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias, Vixilancia e intervención operativa en incendios forestais, Intervención operativa en extinción de incendios urbanos, Intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxico e antrópico, Intervención operativa en actividades de salvamento e rescate, Inspección de establecementos, eventos e instalacións para a prevención de incendios e emerxencias e Coordinación de equipos e unidades de emerxencias.

Estas ensinanzas -derivadas do desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación- impartíronse por primeira vez no curso 2015/16 mediante unha oferta única, é dicir, con excepción do mencionado IES, non se imparten en ningún centro educativo público da nosa Comunidade Autónoma.

O obxecto do convenio é ofrecer ao alumnado maior calidade nestas ensinanzas de grao medio, a través das instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública, o que redundará nunha maior empregabilidade dos titulados. Ademais, os recursos humanos docentes da Academia e da Consellería súmanse, poñendo á disposición dos estudantes a especialistas de alta cualificación no campo da seguridade e do salvamento.

Neste sentido cómpre salientar que a Academia Galega de Seguridade Pública, ten unha longa traxectoria formativa e na elaboración de programas formativos e na impartición de formación nestas disciplinas, así como na colaboración coas universidades e institucións docentes. Ademais, a Agasp dispón dos espazos e dos

equipamentos necesarios, que os centros educativos non posúen, para a impartición destas titulacións, o que redunda nunha mellor formación do alumnado galego.

A XUNTA DESTINA 2,7 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS RURAIS EN 65 CONCELLOS GALEGOS

- *O Consello do Goberno galego activou hoxe o Plan de infraestruturas rurais (PIR) correspondente ao ano 2018*
- *Estes fondos permitirán acondicionar camiños, instalar canalizacións de abastecemento de auga ou regadío ou reconstruír muros de pedra en vías municipais, entre outras actuacións*

A Consellería do Medio Rural achegará preto de 2,7 millóns de euros a un total de 65 concellos galegos no marco do Plan de infraestruturas rurais (PIR) correspondente ao ano 2018. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dos correspondentes convenios con 46 destes municipios, que precisan a autorización do Consello polo seu carácter plurianual, xa que as actuacións abranguen os anos 2018 e 2019. O resto de acordos non require ese permiso expreso, ao seren executados integramente ao longo deste exercicio.

En total, a través do PIR deste ano acondicionaranse 125 camiños rurais, cunha lonxitude de actuación que supera os 73 quilómetros. Ademais, instalaranse máis de 500 metros de canalizacións de abastecemento de auga ou regadío. Outras intervencións pasan polo acondicionamento de 3.780 metros cadrados da contorna do recinto feiral gandeiro de Curtis, a construción dunha poza enterrada para regadío e contra incendios en Melón e a reconstrución total ou parcial de máis de 200 metros de muros de pedra en diferentes vías municipais.

Este plan ten importantes beneficios sobre á cidadanía, xa que supón o arranxo e renovación de todo tipo de infraestruturas no agro (camiños rurais, pontóns e pontes e instalacións de subministración, entre outras) que permiten mellorar as condicións de vida da poboación nos núcleos rurais. Estas actuacións intégranse na estratexia global da Xunta para contribuír á fixación da poboación do rural e facilitar o seu asentamento e dinamización.

A XUNTA COMPLETA O PAQUETE DE MELLORAS PREVISTO PARA CONSOLIDAR UNHA EDUCACIÓN INTEGRAMENTE DIXITAL

- *Neste curso 2018-2019 estarán integrados en E-Dixgal un total de 267 centros, un 73% máis que no anterior*
- *Os preto de 18.000 alumnos destes centros contarán cun cuarto provedor de inglés, Pearson, ademais dos contidos proporcionados por Netex, Edebé e Planeta, e máis de 3.200 recursos creados polo profesorado*
- *Entra en funcionamento o Servizo de Soporte Premium para alumnado, familias e profesorado con atención presencial, online e telefónica*
- *Os docentes terán á súa disposición o centro de creación de contidos educativos dixitais, DIXIT*
- *Todo os centros educativos públicos de primaria e secundaria terán acceso a Internet de 100 Mbps*
- *Estase a licitar un acordo marco que permitirá adquirir un máximo de 30.000 portátiles nos vindeiros 2 anos para alumnos e profesores dos centros Abalar que empregan o libro dixital*

A Xunta de Galicia segue apostando por consolidar unha educación integramente dixital na Comunidade. No vindeiro curso 2018-2019, un total de 267 centros, un 73% máis que o curso pasado, e preto de 18.000 alumnos empregarán o libro dixital e se beneficiarán do paquete de melloras que se comezou a implantar de xeito progresivo o pasado curso: a incorporación dun terceiro provedor de contidos e dun novo provedor da materia de Inglés; a posta en marcha do servizo de creación de contidos educativos dixitais, a entrada en funcionamento do Servizo de Atención, Soporte e Acompañamento Premium para familias, alumnado e profesorado, así como da mellora da conectividade en todos os centros públicos de primaria e secundaria.

Ademais, a Administración autonómica disporá dun acordo marco que permitirá a adquisición de ata 30.000 equipos portátiles durante os vindeiros 2 anos. Esta fórmula garante a dispoñibilidade de equipos en función das necesidades e a evolución da iniciativa nos centros, e a homoxeneidade do equipamento co que se dotará aos novos centros que se incorporen ao uso do libro dixital no marco do Proxecto Abalar.

Novos contidos dixitais

Tras a incorporación o curso pasado dos contidos de Aula Planeta este ano a plataforma E-Dixgal conta cun cuarto provedor de contidos de inglés, Pearson.

Ademais, o provedor Netex reforzará a súa oferta coa incorporación de contidos SMART (colaborativos) en varias materias, que permitirán desenvolver solucións orientadas á aula para potenciar e reforzar as capacidades de docentes e alumnado. O

profesorado vai a poder personalizar e actualizar o contido editorial mediante unha sinxela interface e poderá crear os seus propios materiais didácticos e ofrecer contidos individualizados ao alumnado sen saír da propia unidade didáctica.

Así mesmo, o profesorado terá información do que ocorre na aula en tempo real e novas ferramentas para marcar o ritmo da clase e controlar, en todo momento, o que ven nas súas pantallas, como levar ao alumnado á unha páxina específica para poder seguir as explicacións, bloquear a navegación polas unidades, etc.

Estes contidos complementan ás 750 unidades didácticas de 45 materias dos provedores Netex Learning e EDEBE, que a día de hoxe ten integradas a plataforma do libro dixital, á que se suman as unidades, recursos complementarios e acceso a banco de contidos da Editorial Planeta, e aos máis de 3.200 contidos dixitais creados polos propios docentes galegos.

Afondando na liña de creación de contidos educativos dixitais innovadores e de calidade, este curso porase en marcha o centro de creación de contidos educativos dixitais innovadores, DIXIT, que proporcionará aos docentes a capacidade de crear contidos con ferramentas e tecnoloxías innovadoras, obtendo contidos personalizados, colaborativos e con capacidade de adaptación ao alumnado.

Servizo de Soporte Premium

Alumnado, familias e profesorado que sexan usuarios de E-Dixgal terán á súa disposición este curso un novo Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento ao alumnado, familias e profesorado participantes na Educación Dixital. Este novo servizo contará con atención en remoto (telefónica, online e por canles innovadoras como mensaxería e bots) as 24 horas do día os 7 días da semana; así como presencial onde se atopen os usuarios do programa, tanto para resolver dúbidas, como incidencias técnicas da plataforma e dos equipos. O servizo prestarase, se non se pode resolver de xeito remoto, tanto nos centros educativos como nos domicilios dos usuarios e contará, ademais, con 64 puntos de atención presencial distribuídos por toda a xeografía galega, grazas a colaboración de pemes do sector TIC.

Mellora da conectividade

A mellora das infraestruturas de telecomunicación é un aspecto clave no estratexia de innovación educativa. O 100% dos centros educativos públicos de primaria e secundaria contarán no novo curso con acceso a internet cun mínimo de 100 Mbps, grazas a iniciativa "Escolas Conectadas", desenvolta en colaboración co Estado cun investimento de máis de 17 millóns de euros.

Aulas Dixitais

Actualmente, máis de 900 centros e 6.000 aulas de 5º e 6º de educación primaria, Educación Secundaria e Bacharelato, son Abalar, beneficiando a máis de 120.000 alumnos. O Proxecto Abalar foi concibido como unha iniciativa para transformar o proceso educativo, transformando a aula tradicional nunha aula dixital, coa implicación de toda a comunidade educativa: pais, nais, titores legais, docentes, e alumnado.

Para conseguilo Abalar iniciou a súa andaina en 2010 proporcionando aos centros educativos: o equipamento e a conectividade; contidos dixitais; accións de formación e difusión para docentes e familias; canles de participación a través de espazos web e apps para docentes e familias. No curso 2015-2016 Abalar avanzou na súa evolución coa implantación nos primeiros centros da iniciativa de Educación Dixital E-Dixgal, para estender o libro dixital no ámbito educativo galego.

GALICIA TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS EN 2019 SAN XOSÉ (19 DE MARZO), AS LETRAS GALEGAS (17 DE MAIO) E O DÍA DA COMUNIDADE (25 DE XULLO)

- *A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos*
- *Cando os festivos nacionais obrigatorios coinciden en domingo, cada comunidade pode substituílos por outro día de interese*
- *En 2019 prodúcese esta circunstancia o 8 de decembro que se substituirá polo 19 de marzo -San Xosé-*
- *Entre os tres festivos nacionais que teñen carácter opcional, elíxese o 17 de maio -o Día das Letras Galegas- pola súa gran tradición e importancia para a cultura galega, o 25 de xullo por ser o Día Nacional de Galicia e o 18 de abril -Xoves Santo-*

Galicia terá como festivos propios o próximo ano os días 17 de maio, Días das Letras Galegas; o 19 de marzo, San Xosé; e o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia. Así se establece no Informe sobre o calendario laboral de 2019 que coñeceu hoxe o Consello da Xunta. A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio.

Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles, a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (19 de abril en 2019), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2019 hai un só festivo nacional que coincide en domingo: o 8 de decembro, Inmaculada Concepción, que se substituirá polo 19 de marzo (San Xosé).

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo, como ocorre en 2019; o Xoves Santo (o 18 de abril en 2019), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dáselle a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo, que na nosa Comunidade sempre se fixa o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia. Así quedou establecido, ademais, polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

O 6 de xaneiro, ao caer en domingo, substitúese polo 17 de maio, o Día das Letras Galegas. O Goberno galego considera que esta xornada ten que seguir sendo festiva pola súa importancia para a cultura galega, por tratarse dunha festa de carácter cultural e polo seu significado: foi instituída no ano 1963 pola Real Academia Galega para conmemorar o libro de Rosalía de Castro *Cantares Gallegos* e porque fomenta a lingua e a cultura da nosa Comunidade.

Unha vez que se aproban os festivos de carácter autonómico, cada concello galego deberá establecer os seus dous días festivos locais. Para iso será necesario a súa aprobación por parte dos plenos das administracións locais.

Calendario laboral de Galicia para 2019

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Martes
San Xosé	19 de marzo	Martes
Xoves Santo	18 de abril	Xoves
Venres Santo	19 de abril	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Mércores
Día das Letras Galegas	17 de maio	Venres
Día Nacional de Galicia	25 de xullo	Xoves
A Asunción da Virxe	15 de agosto	Xoves
Día da Hispanidade	12 de outubro	Sábado
Todos os Santos	1 de novembro	Venres
Día da Constitución	6 de decembro	Venres
Nadal	25 de decembro	Mércores